

Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20/10/23 POLO QUE SE APROBAN OS CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO A1 E A2. EXPTE. 41702/220

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.— Acordar en base aos fundamentos “ut supra” a suspensión da execución a solicitude dos recorrentes do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/23 polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 do Concello de Vigo (expte. 41702-220) polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

SEGUNDO.— Notificar aos empregados públicos solicitantes da suspensión co número de persoal 60601, 79370, 16662, 69977, 22415, 81985, 79389, 78966, 78894, 15148, 83607, 83606, 78252 e ***7819**.

TERCEIRO.— Ordenar a realización das publicacións no diario oficial no que se insertou, así como no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica.

A xefa de Recursos Humanos e Formación.— María Dapena Gómez.



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

Conforme:

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).— María Olga Alonso Suárez.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño.

